




Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Compartindo lecturas

Guía para mozas/os e adultas/os



A young boy with curly hair is smiling and holding a book. The background is blurred, showing what appears to be a library or bookstore with bookshelves.

Nestas datas de alegría e agasallos, desde as Bibliotecas Municipais de Oleiros desexamos lembrar que un libro, unha película e un disco tamén son un bo regalo. Ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos que fan sorrir, emocionar e reflexionar, coa intención de que pasen momentos agradables coa lectura.

Libros, películas e discos que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.

Obra literaria

modesto fraga
adagio
por outono



Xoaquín Fernández Leiceaga
Agosto de memoria e morte



Ledicia Costas
Un animal chamado néboa



Adagio por outono

Modesto Fraga. Alvarellos

1º premio XLI edición Certame Literario Concello de Vilalba

Esta obra é unha homenaxe a aqueles poetas italianos que, no século XIII, foron quen de rachar coa tradición e situar a muller no centro da súa lírica.

Foron coñecidos como o Dolce Stil Novo.

Agosto de memoria e morte

Xoaquín Fernández Leiceaga. Xerais

Últimos anos do franquismo. Un promotor inmobiliario aparece morto. Un neófito policía deberá asumir a investigación. Corrupción? Conflictos empresariais? Asuntos familiares? As orixes dos acontecementos haberá que procuralas ben lonxe no tempo.

La amiga estupenda

Elena Ferrante. Lumen

Dúas nenas medran xuntas no Nápoles miserento dos anos cincuenta.

Amor é unha palabra coma outra calquera

Francisco Castro. Galaxia

Carla organiza a súa vida arredor do amor, pero do amor aprendido das películas rosa ou nas cancións románticas e novelas "cursis". Un día o seu home abandónaa e o seu mundo rómpese. Todo se complica máis cando atopo o cadáver da súa asistenta...

Un animal chamado néboa

Ledicia Costas. Xerais

Relatos que teñen como punto de partida feitos que aconteceron durante a Segunda Guerra Mundial.



O anxo negro

Manuel Gago. Xerais

Na parroquia montañesa de Cereiro, na costa da Morte, a principios de decembro do ano 1981, roubaron a figura dunha santa Mariña da que a poboación era moi devota.


Reunidos todos os veciños deciden falar con Nicolás Bren, capitán retirado da Mariña Mercante, para que sexa el o encargado de busca-la, axudado por Andreu Meis un mozo que ten un bar na zona e algo implicado no contrabando de tabaco. Segundo van investigando comprobarán que existe toda unha trama para o roubo sistemático de patrimonio relixioso galego. Novela negra e de misterio, pero tamén histórica.



Aqueles días en que eramos malas

Inma López Silva. Galaxia

Nun módulo do Centro Penitenciario da Lama conviven un grupo de mulleres: unha prostituta enganchada á droga, unha rapaza colombiana atrapada cando entraba no país cun pequeno alixo de droga, unha monxa, unha funcionaria de prisións e unha escritora que decide relatar o que alí acontece. Segundo avanzan as historias da cada unha chegas á convicción que o concepto de maldade non é intrínseco ás persoas senón que ás veces son as situacións e a falla de recursos o que as leva a actuar deste xeito o que supón unhas consecuencias funestas.



El asesinato de Sócrates

Marcos Chicot. Planeta


Esta intriga histórica ambientada na Grecia clásica, foi a novela finalista do Premio Planeta 2016.



A boca da terra

Manuel Rivas. Visor

Fermoso poemario que xa fora publicado en galego e do que agora Visor nos trae a edición bilingüe, galego e castelán, traducido polo propio autor.



Brooklyn


Colm Tóibín. Lumen

Unha rapaza irlandesa de familia humilde vese na obriga de emigrar a América.

Camille

Pierre Lemaitre. Alfaguara

Unha nova entrega da serie protagonizada polo comisario Verhoeven. Desta vez o atraco a unha xoiaría, aféctao dun xeito persoal. Segundo a crítica e unha vez máis, Lemaitre vólvese opresivo e sorprendente cunha trama espesa que remata cunha viraxe radical.



A candidata

Miguel Sande. Galaxia
Premio García Barros

Achéganos á realidade desa crise que afectou a moitas familias e trouxo consigo non só dificultades económicas, senón tamén emocionais.



La casa de las miniaturas

Jessie Burton. Salamandra

Ambientada na cidade de Amsterdam no século XVII, Nella Oortam unha moza de pouco máis de 18 anos chega á porta da casa dunha das familias máis acomodadas da cidade para comezar a vida en común co seu esposo, nun matrimonio de conveniencia polas dúas partes. A moza recibe como regalo de voda do seu home unha réplica do seu fogar, unha casa de miniaturas. A súa decoración vaille descubriendo os misteriosos segredos que ocultan os habitantes da casa.



Crónica Córnica

Francisco Coimbra. Xerais

Finalista Premio Xerais de Novela 2016

O condado de Cornualle (Gran Bretaña) esperta una mañá falando una lingua extinta: o córnico.



De remate

Hector Cajaraville. Xerais
Premio Xerais de Novela 2015

Novela construída con escolma de artigos de opinión do seu protagonista o xornalista Bieito Sanmarful, complementados con textos pertencentes ao seu diario íntimo e outros materiais de diversa procedencia: correos electrónicos, anotacións en blogs, poemas, documentos oficiais... A través das páxinas asistimos a un retrato sociolóxico de Galicia e imos descubrindo a propia vida e o itinerario persoal do protagonista.



Un dente sen cadáver

Miguel Anxo Fernández. Galaxia

Un novo caso de Frank Soutelo, o detective máis singular do panorama literario galego, a partir dunha herdanza e a aparición dun dente humano.

A dúbida

María Reimóndez. Xerais

O día comeza para Deli coa detención do seu home acusado dun presunto delito de abusos sexuais a menores. A partir deste momento a protagonista débátese ante o conflito que lle provoca a culpabilidade ou non do seu home e o saber se realmente coñecía á persoa con quen casou. No relato non faltan as artimañas xudiciais, as vinganzas políticas, nin a corrupción.



Os elefantes de Sokúrov

Anton Riveiro Coello. Galaxia

Janis ten trinta anos e un futuro laboral e persoal incerto. No medio desta crise laboral e persoal un acontecemento fortuíto lévaa a pescudar no seu pasado.



Elexías a Lola

Xohana Torres. Engaiolarte


Unha cuidada edición deste poemario que recolle a lembranza da súa avoa Lola xunto con novos poemas, como unha "homenaxe a todas as avoas galegas".



Estambul

Joseph Kanon. RBA

No remate da II Guerra Mundial, Estambul é unha mestura que adianta o equilibrio das dúas potencias no comezo da Guerra Fría. Un episodio policiaco que xunta a nova xeopolítica cunha trama de intriga que dan unha lección de historia do século XX.



Francamente, Frank

Richard Ford. Anagrama

Frank Bascombe, cidadán americano, xubilado e cunha visión moi particular do mundo que o rodea, protagoniza a última novela do Premio Princesa de Asturias das Letras 2016.



El hilo azul

Anne Tyler. Lumen

Luces e sombras dunha familia americana de clase media.



La historia de Kullervo


J.R.R. Tolkien. Minotauro

Posiblemente o máis escuro e trágico de todos os personaxes creados por J. R. R. Tolkien. Especialmente recomendado para os/as amantes da novela fantástica.

Los humanos

Matt Haig. Roca

O profesor Andrew Martin da Universidade de Cambridge resolve, o máis grande dos enigmas matemáticos de todos os tempos: a hipótese de Riemann, relacionada cos números primos. Resolvelo supón unha revolución na aplicación da análise matemática que transformará as nosas vidas e as das xeracións futuras. Pero, misteriosamente, o profesor desaparece durante unhas horas, e cando o atopan está desorientado, parece diferente e compórtase como se todo lle fose alleo, parece estar afectado por unha gran amnesia.



El humo de Birkenau

Liana Millu. Acantilado

A italiana Millu é arrestada no 1944 e enviada a Auschwitz-Birkenau. Unha testemuña feminina dunha experiencia perturbadora avalada polo limiar de Primo Levi.



A ira dos mansos

Manuel Esteban. Xerais

Premio Xerais de Novela, 2016

O cadáver dunha nena con síndrome de Down aparece nos terreos dun edificio de Vigo. Para resolver o crime o inspector Carlos Manso terá que investigar na delincuencia viguesa e na internacional. Unha novela policial cun grande enfoque social.



Izan o da saca

Xabier Quiroga. Xerais

Premio Arcebispo San Clemente 2016.

Trata sobre unha investigación arredor da chegada de nazis a Galicia desde a Guerra Civil española, durante a II Guerra Mundial e ata os anos 50 do século XX.

Recupera un personaxe da súa anterior novela "O cabo do mundo", un taxista chamado Reina. Nesta novela vaino contratar un importante político galego para investigar o motivo polo cal un estudante universitario de Compostela, que está realizando un traballo de investigación sobre o nazismo, pon o seu nome nun correo electrónico que lle envía a un cazador de nazis arxentino.



Lila

Marilynne Robinson. Galaxia Gutenberg

Lila vive unha infancia nómade e miserenta no Middlewest americano, alá polos anos vinte do pasado século.



Me llamo Lucy Barton

Elizabeth Strout. Duomo editorial

Lucy, hospitalizada, recibe a visita da súa nai despois de moitos anos sen verse.



Mientras hilan las mariposas

Silvia Salgado. Eguaras

Unha obra que retrata a alma feminina. A celebración do 40 aniversario de Isabel reúne en Londres a catro amigas da infancia, o que lles permite poñerse ao corrente das súas vidas.

La muerte de Ulises

Petros Markaris. Tusquets

Jaritos investiga un novo caso que ten como pano de fondo a Europa dos refuxiados que escapan da guerra.



Non hai outro camiño

Isaac Xubín. Xerais

Conta a historia de Staro Selo, unha cidade ao pé do mar.


Noire Compostela

Blanca Riestra. Galaxia

Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia 2016

A partir da conversa entre un estudante e unha camareira dun dos bares da zona vella de Compostela aparece unha trama que terá que investigar o inspector Touriñán e os axentes especializados en delitos cibernéticos.





Nora Webster

Colm Tóibín. Lumen

Ambientada en Enniscorthy, unha cidade irlandesa, a finais da década de 1960 e principios de 1970. Nora, viúva e con catro fillos, trata de saír adiante co seu dó.

Obra entera

Rafael Cadenas. Pre-Textos

Volume que recolle a poesía deste poeta venezolano.



El olor de la lluvia en los Balcanes

Gordana Kuic. Funambulista

A historia de cinco irmás sefardís no Sarajevo do período de entre guerras.

Rosa tántrica

Luz Pozo Garza. Alvarellos


Poemario que relaciona a obra do escritor arxentino Jorge Luis Borges "La rosa de Paracelso" coa orixe da creación como algo transcendente.



Silencio percutido

Eva Veiga. Espiral Maior

Con este libro, a autora gañou o XXXI Premio de Poesía Cidade de Ourense. Poemario no que a autora procura a orixe da linguaxe.



Tierra sin hombres

Inma Chacón. Planeta


Ambientada integramente en Galicia, está dedicada (segundo palabras da propia escritora) ás "viúvas de vivos" das que falaba Rosalía de Castro e á soidade á que se tiñan que enfrontar mentres agardaban o regreso dos seus maridos emigrados. A novela ambiéntase a principios do século XX na Galicia rural. Conta a historia de Rosalía, unha viúva de vivo e nai de Elisa e Sabela.



Todo esto te daré

Dolores Redondo. Planeta
Premio Planeta 2016

Ribeira Sacra. Álvaro ten un accidente que acaba coa súa vida. Cando o seu marido, Manuel, chega a Galicia para recoñecer o cadáver, descobre que a investigación se pechou con demasiada rapidez. Empezará así a busca da verdade.



Verano y amor

William Trevor. Salamandra

Breve e intensa historia de amor entre unha moza casada e un forasteiro que está de paso na vila.



Una vez en Europa

John Berger. Alfaguara

Cinco orixinais historias de amor nun entorno rural e humilde.



Vi a un hombre

Owen Sheeres. Reservoir

Tras a perda da súa muller, Michael Turner trasládase a Londres, ao acomodado barrio de Hampstead, onde establece unha relación de amizade coa familia veciña. Josh, Samantha e as súas dúas fillas pequenas representan o que Michael teme que xamais conseguirá: a estabilidade familiar e un fogar. Esta nova amizade parece servir de cura para Michael, ata que un día algo cambia radicalmente os seus destinos...

Viaje de novios

Patrick Modiano. Anagrama

Un home maduro pasa por unha crise persoal profunda que o leva a darse por desaparecido para a súa familia.



La viuda

Fiona Barton. Planeta.

Interesante novela de intriga sobre o desacougante descoñecemento que temos sobre as persoas que comparten a nosa vida. Hai moitas verdades que fican ocultas ata que acontece un accidente que o pon todo á vista.




Libros de coñecementos



Atlas arqueolóxico da paisaxe galega

Felipe Criado Boado, César Parceros Oubiña e Carlos Otero Vilariño. Xerais

Interpretación de como viviron os nosos antepasados a partir do estudo da paisaxe e a súa evolución desde a Prehistoria ata o Medioevo.



Colmeiro por si mesmo

Xosé Antón Castro e Carlos G. Reigosa. Xerais

Tres conversas co artista a finais da década de 1980 dan as claves para entender a vida e a obra dunha das figuras da renovación da arte galega xunto con Maside, Laxeiro, Torres e outros. Unha fusión da tradición coas vangardas nun libro apoiado cunha antoloxía das súas obras e un apéndice fotográfico.




Con voz y voto:

las mujeres y la política en España (1931-1945)


Carmen Domingo. Lumen

O amplo abano ideolóxico da política española entre 1931 e 1945 aparece nestas páxinas reflectido en figuras como Margarita Nelken, Dolores Ibárruri e María Urraca Pastor, entre outras.



Crónicas mafiosas. Sicilia 1985-2005: veinte años de mafia y antimafia

Joan Queralt. Fotografías de Letizia Battaglia y Franco Zecchin. Cahoba
Un relato detallado do mundo da Cosa Nostra e particularmente da cidade de Palermo, organizada cun complexo sistema de relacións entre mafia, clase empresarial, administración e política.



Diccionario de historia y política del siglo XX

Tecnos


Rigor intelectual e amenidade caracterizan esta obra que trata do século que, segundo o historiador estadounidense Malefakis, foi "a época dos extremos, onde coexistiron o mellor e o peor da historia da humanidade".



España en la Primera Guerra Mundial. Una movilización cultural

Maximiliano Fuentes García. Akal

A pesar da neutralidade, o conflito foi seguido en España con suma atención, particularmente no sector intelectual quen promoveu numerosas iniciativas aliadófilas e xermanófilas.



Europa ante el espejo

Josep Fontana. Crítica

Unha visión desmitificadora da historia de Europa desde os gregos até hoxe que forma un texto de plena actualidade.

Gala-Dalí

Carmen Domingo. Espasa

Biografía novelada dunha das parellas máis famosas do mundo da arte.



Galicia encantada: o País das mil e unha fantasías

Edición de Antonio Reigosa. Xerais

Un cento de historias que percorren de norte a sur, de leste a oeste, do mar á montaña, da terra ao aire, da auga ao lume. Viaxes de ida e volta guiados polo saber de máis de medio cento de coautores.



Guía completa para cocinar con ingredientes veganos


Joni Marie Newman e Cecile Steen. Blume

Facilísimos trucos para conseguir facer receitas veganas na nosa propia casa.

H de halcón

Helen Macdonald. Ático de libros


O adestramento dun falcón axúdalle a Helen Macdonald a superar a dor pola morte do seu pai.



Historia de Arabia Saudí

Madawi Al-Rasheed. Cambrigde

Desde o século XIX até hoxe, o autor explícanos o acontecido nesta peza fundamental da xeopolítica actual.



Historia de Galicia


Ramón Villares. Galaxia

Nova edición desta obra do profesor Ramón Villares. Inclúe uns capítulos sobre o maior intre de esplendor das principais cidades galegas: o Lugo romano, o Ferrol ilustrado, a Coruña liberal...

A horta sen químicos

Xan Pouliquen. Baía

Para aqueles que desexen cultivar sen utilizar ningún produto químico. Explica, de forma sinxela, todos os pasos a seguir á hora de plantar deste xeito.



Instrumental: memorias de música, medicina y locura

James Rhodes. Blackie Books

Un pianista cunha biografía persoal e musical do máis singular.

La invención del pasado: verdad y ficción en la historia de España

Miguel-Anxo Murado. Debate

Unha reflexión sobre o pasado e o discurso da historia, sempre cheo de lagoas, feitos mal coñecidos e intereses que mudan en cada xeración.



Milagres e mendigas polo Camiño de Santiago

Luis M. Calvo Salgado. Galaxia


Investigación sobre as ideas relixiosas e a vida cotiá de xentes que vivían, no século XVI, preto do Camiño de Santiago entre Santo Domingo de la Calzada e Burgos.



El mordisco en la manzana: recuerdos de mi vida con Steve Jobs

Chrisann Brennan. Circe


A nai de Lisa, filla de Steve Jobs, narra a súa historia xunto ao magnate. A vida deste desde que era adolescente: cando o coñeceu e como viviu ao seu carón.



Novas lambetadas dunha larpeira feliz

Merchi Rodal. Galaxia


Da tradición galega saca a inspiración para moitas das receitas que propón: os biscoitos, as lambetadas de amêndoa, o arroz con leite, as empanadas doces...



La nueva educación: los retos y desafíos de un maestro de hoy

César Bona. Plaza & Janés

O autor, un dos cincuenta mellores mestres do mundo segundo o Global Teacher Prize, relata, mediante anécdotas, os métodos de ensino que el utiliza, nos que se implica co alumnado cunha metodoloxía máis afectiva.



Palabraloxía: un apasionante viaxe por el origen de las palabras

Virgilio Ortega. Ares y Mares

Libro sobre a orixe das palabras e a súa evolución desde Roma, Grecia e Exipto. Os seus cambios de significado ao longo da Historia, acompañado dunha pequena explicación de cada palabra.



Peggy Guggenheim: el escándalo de la modernidad

Francine Prose. Turner

Biografía da gran coleccionista de arte do século XX.



Ramón del Valle-Inclán: entre Galiza e Madrid (1912-1925)

Javier del Valle-Inclán Alsina. Laiovento

Un paseo pola vida deste insigne escritor acompañado de memorias, documentos de arquivo, etc., formando unha achega de moito interese.

Sapiens, de animales a dioses: breve historia de la humanidad

Yuval Noah Harari. Debate

Como a humanidade ten a capacidade para o autoengano colectivo e así conseguir a cooperación das grandes masas. Isto levounos a ter os poderes dos deuses: crear vida, mocidade... O poder do mito colectivo.



SPQR: una historia de la antigua Roma

Mary Beard. Crítica

Premio Princesa de Asturias de Ciencias Sociales 2016

Unha nova visión da historia de Roma desde as súas orixes ata o emperador Caracalla, con novas análises dos textos e das fontes arqueolóxicas.



Una de romanos: un paseo por la historia de Roma

Carlos Goñi. Ariel

Con prosa áxil e un feixe de anécdotas, esta obra permítenos coñecer a historia de Roma en detalle e dun xeito serio.



El universo sobre nosotros: un periplo fascinante desde el cielo de don Quijote al cosmos de Einstein

Antonio J. Durán. Crítica

O autor preséntanos as teorías de Einstein como relatos literarios. Como a ciencia e a literatura son complementarias, non opostas como ata agora se cría, e, fai un percorrido por ambas a través do ceo.



A utilidade do inútil: manifesto

Nuccio Ordine. Fatoría K de libros.

Interesante ensaio que amosa as opinións de filósofos e escritores sobre o saber sen obxectivo inmediato práctico e propón a reflexión sobre a utilidade da cultura, a literatura e outros coñecementos considerados por algúns como "inútiles". Utilidade e ganancia para quen?

Vamos a comprar mentiras: alimentos y cosméticos desmontados por la ciencia

José Manuel López Nicolás. Cálamo

Libro que pretende informar o consumidor do que di a ciencia sobre a efectividade de produtos famosos.




A xente da ría

Xosé Antonio Ventoso Mariño, Carmela Queijeiro. Deputación da Coruña
*Os diversos aspectos da ría tratados cunha prosa sobria
e cunha fotografía precisa.*



Banda deseñada



El ala rota

Guión de Antonio Altarriba. Ilustracións de Kim. Norma
*Altarriba reconstrúe neste cómic a vida da súa propia nai, Petra Ordóñez,
e a través dela, a situación das mulleres na España do século XX.*


Aquí

Richard McGuire. Salamandra
*Novela gráfica que vai amosando todo o que ocorre nunha habitación ao
longo de miles de anos.*



A deserción de Stalin: os derradeiros cabaleiros da guerra fría

Tomás Guerrero. Demo
*Un veterano axente secreto cóntanos a máis importante das súas misións:
a que tivo como protagonista ao mismísimo Stalin.*



Las horribles y maravillosas razones de por qué corro largas distancias

The Oatmeal. Astiberri
*En clave de humor, Mathew Inman explícanos os segredos e as razóns
polas que se afeccionou a facer deporte e a correr longas distancias.*



Lo primero que me viene a la mente

Juaco Vizuete. Astiberri

As lembranzas da infancia e da adolescencia do neno Carlos, unha divertida viaxe á España das décadas dos 70 e dos 80.



Mammasutra: 1001 posturas para mujeres en apuros

Cristina Torrón. Lumen.

Moito humor para encarar unha nova situación de parella, a converterse en nai e pai. Debuxos e textos moi desmitificadores e divertidos que animan a tomar os cambios que trae esta etapa con bo humor e sen sentimentos de medo ou culpa.



Os que levan o lume

Álvaro López. Demo

Cómic de ciencia ficción ambientado nun mundo inhóspito e implacable, sempre cuberto pola neve e no que unha horribel enfermidade sen cura asola os seus habitantes.



Presas fáciles


Miguelanxo Prado. El Patito editorial

Volve á historieta cun relato na tradición da novela negra, onde se xuntan a investigación criminal coa denuncia social da corrupción e a estafa na España real dos últimos anos.

Solanin

Inio Asano. Norma

Retrato xeracional dun grupo de mozos insatisfeitos coa súa vida e cos seus traballos, que loitan por atopar o seu lugar, recuperando os soños abandonados no camiño.



Thom


Andrés Meixide. Reino de Cordelia
Antoloxía das tiras de prensa publicadas por Meixide e protagonizadas polo granxeiro norteamericano Thom asentado nunha pequena vila galega.



DVD

14 kilómetros

Escrita e dirixida por Gerardo Olivares. Protagonizada por Adoum Moussa, Illiassou Mahamadou Alzouma, Aminata Kanta. Cameo
14 quilómetros é a distancia de punta a punta do estreito de Xibraltar. Conta as peripecias de tres inmigrantes que deciden partir da súa Nixer natal e emprender a viaxe que lles levará ata Europa, atravesando o deserto do Teneré, a terra dos Tuaregs, os postos fronteirizos entre Alxeria e Marrocos, e finalmente eses 14 quilómetros de estreito en patera.



Cuento de invierno

Dirixida por Akiva Goldsman. Protagonizada por Colin Farrell, Jessica Brown Findlay, Russell Crowe. Warner Bros
Tamén dispoñíbel en Blu-Ray
Peter naceu orfo. Críase na rúa e convértese nun ladrón profesional. Un día entra na casa dun adineirado e coñecerá unha enferma de tifo. Peter decidirá permanecer ao seu lado e axudala na súa curación, pero á súa cabeza puxo prezo un gánster para o que traballou e que non parará ata atopalo.






Magia a la luz de la luna

Dirixida por Woody Allen. Protagonizada por Emma Stone, Colin Firth, Marcia Gay Harden. Warner Bros
Tamén dispoñíbel en Blu-Ray

Comedia romántica ambientada nos anos 20 na Costa Azul. Tras un dos magos máis populares do momento atópase Stanley Crawford, un auténtico amargado a quen convence o seu mellor amigo para acudir á mansión da familia Catledge. Stanley faise pasar por un home de negocios co obxectivo de desentmascarar a Sophie, unha vidente que se aloxa na mansión en compañía da súa nai.



No direction home: Bob Dylan

Dirixida por Martin Scorsese. Protagonizada por Bob Dylan, Joan Baez, Allen Ginsberg. Paramount

Documental centrado na vida do recente premio Nobel de literatura entre os anos 1961 e 1966 desde os seus inicios na súa cidade natal ata a súa aparición na escena Folk do Greenwich Village de New York, sen esquecer a polémica decisión de electrificar o seu estilo no festival de Newport e a súa chegada ao cumio da fama. Esencial para comprender a súa influencia inmediata e posterior en todas as xeracións de músicos e letristas, non só no eido anglosaxón senón tamén noutras latitudes.



Puro vicio


Dirixida por Paul Thomas Anderson. Protagonizada por Joaquin Phoenix, Josh Brolin, Katherine Waterston. Warner Bros
Tamén dispoñíbel en Blu-Ray

Película baseada na novela homónima de Thomas Pynchon. Larry Doc Sportello é un alucinado hippy que investiga a desaparición do magnate da construción Mickey Wolfmann, un xudeu que coquetea coa Irmandade Aria e que quere desprenderse de toda a súa fortuna, tamén por desordes coas drogas. Estética de finais dos anos sesenta, reflicte á perfección a decadencia e a desilusión do soño hippy.



Selma

Dirixida por Ava DuVernay. Protagonizada por David Oyelowo, Tom Wilkinson, Carmen Ejogo, Tim Roth. Cameo
Crónica sobre a loita do político e activista Martin Luther King en defensa dos dereitos civís. Céntrase na marcha desde Selma a Montgomery (Alabama) en 1965, que levou o presidente Lyndon B. Johnson a aprobar a lei sobre o dereito ao voto dos cidadáns negros.



Timbuktu

Dirixida por Abderrahamane Sissako. Guión de Abderrahamane Sissako e Kessen Tall. Protagonizada por Ibrahim Ahmed, Dit Pino, Toulou Kiki, Abel Jafri, Fatoumata Diawara. Cameo
Ano 2012, Tombuctú caeu en mans de extremistas relixiosos. Kidane vive tranquilamente nas dunas coa súa esposa Satima, a súa filla Toya e Issam, un neno pastor de 12 anos. Pero na cidade os habitantes padecen o réxime de terror imposto polos yihadistas...



CD



Cinematोजazzía

Nani García Trío. Xingra
Nova e orixinal proposta do compositor, produtor e pianista coruñés Nani García, neste caso acompañando ao seu trío de jazz cun cuarteto de corda que inclúe membros do Quinteto Cimarrón para unha reinterpretación de melodías compostas polo autor para diferentes pezas de teatro e bandas de son televisivas e cinematográficas.



Extra-Mundi

Luar na Lubre. Warner Music


Desde o inicio da súa carreira en 1986 e tras trinta anos de traballo, Luar na Lubre vai madurando un son que culmina nesta nova entrega na que a principal novidade é a apertura ás diversas tradicións folk peninsulares, presentando temas en catalán, vasco, asturiano ou o clásico da tradición castelá "La Molinera". Extra-Mundi é o mundo exterior ao que a banda bota unha ollada desde os seus propios sentimentos máis musicais e universais.



Highway 61 Revisited

Bob Dylan. Sony Music

Dylan abandónase á electrificación total tras a conmoción provocada no festival de Newport. Transmuta o folk en blues e de aí en rock'n'roll alagando o disco entre instrumentacións heréticas para o purismo musical imperante no estilo que o viu nacer. Liricamente inmortal, a mordaz obertura "Like a rolling stone" marca a pauta dun disco esencial.



Together Through Life

Bob Dylan. Sony Music

Dylan rebélase unha vez máis, nesta ocasión contra a artificiosidade imperante na música pop do actual século. O seu eterno navegar polas raíces faille encallar no seu adorado blues ao que o vello rapsoda corresponde cun son cru acentuado polos laios dunha voz endurecida polo tempo. Corazóns rotos, soidades e derrotas que retratan un país, o seu, á deriva.

Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

*** Biblioteca Central Rialeda. Perillo**

*** Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz**

*** Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera**

*** Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda**

*** Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros**

*** Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós**

*** Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé**

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en **twitter @ bibloleiros**

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 2318-2016



**Bibliotecas Públicas
Municipais**

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística